

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 25 DE NOVEMBRO 2021

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro

D^a Raquel Caruncho Corral

D^a Yolanda Vázquez Busto

D^a Ángela Piñeiro Carrera

D. Daniel Ríos Fernández

D. Joshua Dopico López

D^a. Manuela García Fachal

D^a Alejandra Bellón Tenreiro

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro

D. Luis Angel Díaz González.

D. Luis Pena Mosquera

D^a Rocío Souto Torre (*abandona a sesión sendo as 13h28min*)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as trece horas e tres minutos do día vinte e cinco de novembro de dous mil vinte e un, xúntanse de xeito telemático, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria accidental e Interventora Municipais.

A Secretaria accidental:

Eva Guerrero Rico

A Interventora:

Dna. Lucia Varela Martínez.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1 LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS DO DÍA 28-10-2021 E DO DÍA 11-11-2021.

A Secretaria accidental da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

<<PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES

SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 28-10-2021

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO DÍA 11-11-2021



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente TEdC: 2021/G006/000203

Recibidas polas persoas membro do Pleno, as copias dos borradores das actas correspondente á sesión:

Sesión ordinaria do día 28-10-2021 (borrador asinado o día 03-11-2021)

Sesión extraordinaria e urxente do día 11-11-2021 (borrador asinado o día 12-11-2021)

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

Sesión ordinaria do día 28-10-2021 (borrador asinado o día 03-11-2021)

Sesión extraordinaria e urxente do día 11-11-2021 (borrador asinado o día 12-11-2021)

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Ponte deume, o día que figura na marxe>>

Sen intervencións, sométese a votación a proposta de acordo quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

Sesión ordinaria do día 28-10-2021 (borrador asinado o día 03-11-2021)

Sesión extraordinaria e urxente do día 11-11-2021 (borrador asinado o día 12-11-2021)

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2 CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS NA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 30-09-2021

A Secretaria accidental da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

<<**PROPOSTA DE ACORDO**



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

EXPEDIENTE: 2021/G006/000206

CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS NA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 30-09-2021

Na acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación municipal celebrado o día 30-09-2021, no punto 7, Asuntos de urxencia, Solicitude de subvención nominativa á Deputación provincial da Coruña para a realización da obra de mellora de pavimentos e servizos no Camiño Estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña, detectouse un erro de transcripción, da proposta de alcaldía asinada o día 28-09-2021, na propia acta e así mesmo, na certificación expedida do acordo adoptado.

A Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, no seu artigo 109. 2 indica

2. As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Corrixir o erro de transcripción existente na acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación municipal celebrado o día 30-09-2021, punto 7, Asuntos de urxencia, Solicitude de subvención nominativa á Deputación provincial da Coruña para a realización da obra de mellora de pavimentos e servizos no Camiño Estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña; do seguinte xeito:

Onde di:

Financiamento do investimento:

Denominación do investimento	Deputación	Deputación	Orzamento total	Coeficientes de financiación
Mellora de pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña	200.000,00€	119.186,30 €	319.186,30 €	62,66%

Debe dicir:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Financiamento do investimento:

Denominación do investimento	Deputación	Concello	Orzamento total	Coefficientes de financiación
Mellora de pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña	200.000,00€	119.186,30 €	319.186,30 €	62,66%

SEGUNDO.- Incorporar á acta correspondente da sesión ordinaria do Pleno de día 30-09-2021, coa rectificación do punto anterior e expedir certificación do acordo coa rectificación feita.

TERCEIRO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime Xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Ponte deume, o día que figura na marxe>>

Detectase un erro na proposta, en tanto que

ONDE DI: Na acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación municipal celebrado o día 30-09-2021, no punto 7, Asuntos de urxencia...//...

DEBE DICIR: Na acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación municipal celebrado o día 30-09-2021, no punto 5, Asuntos de urxencia...//...

Sen intervencións, sométese a votación a proposta de acordo RECTIFICADA, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Corrixir o erro de transcripción existente na acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación municipal celebrado o día 30-09-2021, punto 5, Asuntos de urxencia, Solicitud de subvención nominativa á Deputación provincial da Coruña para a realización da obra de mellora de pavimentos e servizos no Camiño Estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña; do seguinte xeito:

Onde di:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Financiamento do investimento:

Denominación do investimento	Deputación	Deputación	Orzamento total	Coefficientes de financiación
Mellora de pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña	200.000,00€	119.186,30 €	319.186,30 €	62,66%

Debe dicir:

Financiamento do investimento:

Denominación do investimento	Deputación	Concello	Orzamento total	Coefficientes de financiación
Mellora de pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña	200.000,00€	119.186,30 €	319.186,30 €	62,66%

SEGUNDO.- Incorporar á acta correspondente da sesión ordinaria do Pleno de día 30-09-2021, coa rectificación do punto anterior e expedir certificación do acordo coa rectificación feita.

TERCEIRO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime Xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

3 EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 22: TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS NÚMERO 5.

A secretaria accidental a lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda, do día 22-11-2021; que se transcribe a continuación:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

<<DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE da Comisión Informativa Especial de Contas que poderá funcionar como Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda

SESIÓN: Ordinaria do DÍA luns 22 de novembro de 2021

EXPDTE: 2021/G012/000017

Sesión nº: 2021/26

2.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 22: TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS NÚMERO 5.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

<<PROPOSTA DE ACORDO

Visto o expediente 2021/T002/000022, coa Providencia da Alcaldía para modificar o orzamento do exercicio 2021 mediante a modalidade de transferencia de crédito por importe total de 174.000 euros correspondente á modificación de crédito número 22, modalidade transferencia de crédito número 5,

Considerando o disposto no artigo 180 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 42 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do orzamento, concretamente na base número 12,

Visto o informe favorable da Intervención de referencia 355/2021, asinado dixitalmente o 16 de novembro

Considerando a finalidade do presente expediente, que é a de outogar cobertura orzamentaria para atender a mantementos de alumeado público e de limpeza viaria, así como do propio consumo de alumeado público; tamén o maior custo ca o previsto na limpeza dos colexios, así como a traballos na escola infantil e en instalacións e actividades deportivas; financiado con exceso de crédito consignado en gastos de persoal,

E visto que as aplicacións orzamentarias que ceden crédito están en distintas áreas de gasto,

PROPOÑO que o Pleno adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito segundo o seguinte:

APLICACIÓNS QUE INCREMENTAN CRÉDITO		APLICACIÓNS QUE CEDEN CRÉDITO	
165.22710 (proxecto de gasto 2021/3/LH/1)	25.000	920.13000	100.000
163.22700	20.000	920.12101	30.000



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

165.22100	25.000	920.12100	26.000
3231.22700	38.000	920.13003	18.000
3232.22116	10.000		
3232.62200	14.000		
3232.62500	18.000		
341.22799	6.000		
342.21000	10.000		
342.21200	8.000		

SEGUNDO.- Expoñer ao público a modificación de crédito proposta, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

TERCEIRO.- Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar a modificación proposta resumida por capítulos no BOP

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Asinado dixitalmente polo Alcalde Bernardo Fernández Piñeiro>>

A Presidencia abre a quenda para o debate:

...//...

Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **MAIORÍA de 6 votos** a favor dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; 1 voto a favor do concelleiro do Grupo Municipal do PP: D. Luis Ángel Díaz González e 1 abstención da concelleira do Grupo Municipal do BNG: D^a. Rocío Souto Torre.

A Presidencia abre a quenda para o debate:

Toma a palabra D. Daniel Ríos Fernández, concelleiro de facenda, quen reitera o indicado na Comisión Informativa: que se trata dunha modificación de crédito de importe 174.000,00€ e que, como se fai todos os anos, o sobranse do capítulo 1 de persoal, servirá para afrontar gastos de tipo eléctrico, limpeza viarias, desinfeccións dos centros educativos, entre outros.

Toma a palabra D. Luis Pena Mosquera, portavoz do Grupo Municipal do BNG, quen entende que hai que orzamentar todas as prazas de persoal, pero que xa son coñecedores dende comezos de anos que esas partidas quedarán sen gastar, e que se podían destinar, dende un principio a outros gastos, por exemplo de tipo social. Continúa a súa intervención dicindo que aínda que se faga todos os anos, faise mal, xa que se usan eses cartos para gastos que en moitos dos casos non teñen contratos ou están caducados. Indica que o voto do seu grupo vai ser a abstención.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Sr. Ríos Fernández di que se a taxa de reposición permitira convocar todas as prazas dispoñibles, moitos destes gastos serían realizados por persoal propio, e non habería este tipo de modificacións.

Toma a palabra D. José Simoes Couceiro, concelleiro de persoal, dicindo que a Lei de función pública de Galicia obriga a orzamentar todas as prazas, e que como se sabe que non se vai gastar, non se vai deixar ese remanente de diñeiro, que se pode empregar para facer ou pagar outras cousas.

O Sr. Pena Mosquera, di que no momento de orzamentar xa se sabe que vai estar dispoñible para outras cousas e que se debería ter preparado en que gastar ese dispoñible en vez de en gasto corrente, coma a luz.

O Sr. Simoes Couceiro, di que para non incluír o importe das prazas non ocupadas nos orzamentos habería que amortizar as prazas, e logo se a situación cambia e o estado permite novas contratacións de persoal máis aló da taxa de reposición, terían que volver a incluílos na RPT, volver a orzamentar e levantar a masa salarial de novo. Considera que non é fácil levar a cabo o que o Sr. Pena Mosquera di.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que si que saben que vai sobrar crédito da partida de persoal, pero non a cantidade concreta e que, de feito, as modificacións orzamentarias teñen importes diferentes todos os anos. Di que a vinculación entra as partidas de persoal permite imputar gastos de horas extras, coberturas de baixas de persoal, etc...que é imposible de cuantificar nin a principio nin a mediados de ano e que, á falta dun mes para o peche do exercizo xa se sabe o crédito realmente necesario na partida de persoal, se ben aínda queda un pouco de crédito, tendo en conta que porque non se sabe o que acontecerá de aquí a final de ano.

O Sr. Luis Pena Mosquera di que non é un problema de cantidade nin de transferencia, senón de como se usan eses fondos, e considera que se pode saber cal é a cantidade a dispoñer xa a principio de ano. Indica a abstención do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

Sen mais intervencións, sométese a votación a proposta de acordo quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (9): D. Bernardo Fernández Piñeiro , D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e do Grupo Municipal do PP (2): D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; e **2 ABSTENCIÓNS** do concelleiro e da concelleira do Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito segundo o seguinte:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

APLICACIÓNS QUE INCREMENTAN CRÉDITO		APLICACIÓNS QUE CEDEN CRÉDITO	
165.22710 (proxecto de gasto 2021/3/LH/1)	25.000	920.13000	100.000
163.22700	20.000	920.12101	30.000
165.22100	25.000	920.12100	26.000
3231.22700	38.000	920.13003	18.000
3232.22116	10.000		
3232.62200	14.000		
3232.62500	18.000		
341.22799	6.000		
342.21000	10.000		
342.21200	8.000		

SEGUNDO.- Expoñer ao público a modificación de crédito proposta, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

TERCEIRO.- Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar a modificación proposta resumida por capítulos no BOP.

4 APROBACIÓN DE PLAN MUNICIPAL DE EMERXENCIA E XESTIÓN DO RISCO DE SECA

A Secretaria accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, do día 22-11-2021; que se transcribe a continuación:

<<DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno

SESIÓN: Ordinaria DO DÍA luns 22 de novembro de 2021

EXPDTE: 2021/G012/000016

Sesión nº: 2021/27

3.1.- APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE EMERXENCIA E XESTIÓN DO RISCO DE SECA.

A Secretaria da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

<<PROPOSTA DE ACORDO

APROBACIÓN DO “ Plan Municipal de Emerxencia e Xestión do Risco de Seca, (RESOLUCIÓN do 16 de abril de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á redacción de plans de emerxencia ante situacións de seca, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU100A). (Nº EXPTE. : AU100A2021/57

Expediente TEDEC:Expediente: 2021/A003/000028



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2021/G006/000214

Vista a resolución do 16 de abril de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas en réxime de concurrencia competitiva, destinadas ás entidades locais responsables de sistemas de abastecemento á poboación para a redacción de plans de emerxencia ante situacións de seca, e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2021. (código de procedemento AU100A).

Visto que nas bases da convocatoria de subvencións para o ano 2021 temos a opción de solicitar a dita axuda para levar a cabo redacción de plans de emerxencia ante situacións de seca.

Vista a proposta de Alcaldía asinada dixitalmente o día 01.06.2021 de solicitude da dita subvención, na que literalmente di:

“PROPOSTA DO ALCALDE.

Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde do Concello de Ponte deume **INFORMA:**

Visto que este Concello ten previsto solicitar ao amparo da mesma, unha subvención para a redacción dun plan de emerxencia para situacións de seca, vista a memoria achegada por Viaqua por un importe de 11.338,28€ mais IVE, 13.719,31€

Visto que no artigo 6 da orde, a contía da subvención que percibirán as entidades beneficiarias será do 80% do investimento subvencionable co límite máximo de 15.000€ por solicitude (IVE incluído)

Por parte de este concello existe o compromiso de financiar as partidas orzamentarias que non sexan subvencionadas por dita axuda, e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución.

Por todo o anteriormente exposto, por parte de esta Alcaldía, vaise solicitar a subvención correspondente para o exercicio 2021 para a redacción dun plan de emerxencia para situacións de seca.

O que se informa para a súa constancia no expediente aos efectos oportunos asino dixitalmente en Ponte deume”

Visto o certificado de Secretaria asinado dixitalmente de ter presentadas as contas do exercicio 2019 ao Consello de Contas de Galicia, o 12/01/2021.

Vista a memoria do obxecto do Plan de emerxencia de sequía do Concello de Ponte deume, de maio de 2021 con data de rexistro de entrada no Concello 01/06/2021 (nre 202100000001154).

Visto o orzamento, do obxecto do Plan de emerxencia de sequía do Concello de Ponte deume, de maio de 2021 con data de rexistro de entrada no Concello 27/05/2021 (nre 202100000001064).



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Visto o certificado de presentación de contas correspondente ao exercicio 2019, na data de 12/01/2021 ao Consello de Contas de Galicia, asinado dixitalmente.

Logo de ver o decreto 371/2021, de 02/06/2021, polo que se resolveu, entre outros:

“PRIMEIRO.- Coñecer e aceptar as condicións e demais requisitos esixidos na resolución de convocatoria das bases para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, destinadas ás entidades locais responsables de sistemas de abastecemento á poboación para a redacción de plans de emerxencia ante situacións de seca, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU100A).

SEGUNDO.- Solicitar, consonte á memoria xustificativa obrante no expediente, unha subvención a Augas de Galicia para a redacción de plans de emerxencia ante situacións de seca por importe total de 11.338,28 € mais IVE, 13.719,31€

...//...”

Logo de ver a Resolución de concesión da subvención, asinada dixitalmente pola Directora de Augas de Galicia da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, en data 09.08.2021, pola que se lle concede ao CONCELLO DE PONTEDEUME, unha axuda para a redacción de plans de emerxencia ante situacións de seca. Por un importe de 10.975,45 euros.

Logo de ver o Plan Municipal de Emerxencia e Xestión do Risco de Seca, con rexistro de entrada no Concello 202199900001904.

Logo de ver o informe do axente de desenvolvemento local de data 17/11/2021 do cumprimento da finalidade

En uso das atribucións que me confire o artigo 22 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esta alcaldía-presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO. –Aprobar o “Plan Municipal de Emerxencia e Xestión do Risco de Seca” do concello de Ponte deume.

SEGUNDO.- Publicar o documento no taboleiro de anuncios municipal, así como na sede electrónica e páxina web do concello de Ponte deume, aos efectos de xeral coñecemento.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro.>>

...//...

A presidencia abre a quenda para o debate

...//...



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **UNANIMIDADE** das persoas presentes>>*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra D. José Simoes Couceiro, concelleiro de medio ambiente, quen indica que o Plan recolle as actuacións encamiñadas a paliar unha posible situación de seca nos distintos núcleos poboacionais e parroquias do Concello, que foi redactado pola empresa Viaqua, para o que se recibiu unha subvención de Augas de Galicia. Di que o plan está a disposición de todos no Concello.

Toma a palabra D. Santiago José Rodríguez Piñeiro, portavoz do Grupo Municipal do PP, que reitera o indicado na Comisión informativa: todo o que veña para o Concello, benvido sea.

Toma a palabra D. Luis Pena Mosquera, portavoz do Grupo Municipal do BNG, quen anuncia que o voto da súa formación vai ser a favor.

Sen mais intervencións, sométese a votación a proposta de acordo quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.–Aprobar o “Plan Municipal de Emerxencia e Xestión do Risco de Seca” do Concello de Ponte deume.

SEGUNDO.- Publicar o documento no taboleiro de anuncios municipal, así como na sede electrónica e páxina web do Concello de Ponte deume, aos efectos de xeral coñecemento.

5 APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTÁBEL (PACES) DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

A Secretaria accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, do día 22-11-2021; que se transcribe a continuación:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno

SESIÓN: Ordinaria DO DÍA luns 22 de novembro de 2021

EXPDTE: 2021/G012/000016

Sesión nº: 2021/27

3.2.- APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIME E A ENERXÍA SUSTENTÁBEL(PACES) DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

A Secretaria accidental da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

<<PROPOSTA DE ACORDO

APROBACIÓN DO “PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTÁBEL (PACES) DO CONCELLO DE PONTEDEUME. (Axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e procedese á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2021, tramitada como anticipado de gasto (Nº EXPTE. : PACES-58/21)”

Expediente TEDEC:Expediente: 2021/A003/000018-2021/G006/000212

Logo de ver a ORDE do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras da segunda convocatoria para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2021, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento MT210A).

Logo de ver que o Pleno do 25 de xuño de 2020, se adoptou entre outros, o acordo de adhesión ao pacto da alcaldes polo clima e a enerxía.

Logo de ver a proposta de alcaldía de solicitar dita subvención por un importe de 6.000€, asinada dixitalmente.

Logo de ver a memoria para a redacción do Plan para o clima e a enerxía sustentabel (PACES).

Logo de ver o certificado de presentación de contas correspondente ao exercicio 2019, na data de 12/01/2021 ao Consello de Contas de Galicia, asinado dixitalmente.

Logo de ver o decreto 155/2021, de 10/03/2021, polo que se resolveu, entre outros:

...//...

“PRIMEIRO. - Aprobar a solicitude para participar na convocatoria pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais firmantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sostible, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o ano 2021 (código de procedemento MT210A).

...//...”

Logo de ver a Resolución de concesión da subvención, asinada dixitalmente pola subdirectora xeral de Coordinación Ambiental da Consellería de medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en data 16.07.2021, pola que se lle concede ao Concello de Ponte deume, unha axuda para a asistencia técnica na elaboración dun Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES), por importe de 5.999,79 €.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Logo de ver o “PLAN DE ACCIÓN POLO CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABEL” achegada a este Concello o día 18.11.2021, con núm. de rexistro de entrada 20199900001927, e asinado dixitalmente por Valerio González Somoza.

Logo de ver o informe do Axente de Desenvolvemento Local do día 19.11.2021 de que se cumpríu coa finalidade para a que foi concedida a subvención

En uso das atribucións que me confire o artigo 22 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esta alcaldía-presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. –Aprobar o “PLAN DE ACCIÓN POLO CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABEL”

SEGUNDO. - Presentar o “PLAN DE ACCIÓN POLO CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABEL (PACES) DO CONCELLO DE PONTEDEUME”, na páxina web europea do Pacto, conforme ao artigo 19.2 da Orde 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras da segunda convocatoria para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2021, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento MT210A).

TERCEIRO. - Publicar o documento no taboleiro de anuncios municipal, así como na sede electrónica e páxina web do concello de Ponte deume, aos efectos de xeral coñecemento.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro.>>

...//...

A presidencia abre a quenda para o debate.

...//...

Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **UNANIMIDADE** dos membros presentes.>>

A Presidencia abre a quenda para o debate:

Toma a palabra Dna. Yolanda Vázquez Busto, concelleira de turismo, indicando que o plan recolle o inventario de referencia de emisións así como unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático; que se trata dun documento baseado na distribución



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

poboacional, ámbitos produtivos, áreas protexidas, equipamentos municipais e consumo de combustibles. Di que recolle tamén unha proposta dunha serie de accións dentro do plan de mitigación de emisións e que se trata dun documento marco que busca a redución da emisión de CO₂, a mellora enerxética, as enerxías renovables, o desenvolvemento de medidas de adaptación ante o cambio climático...; Cualifica o Plan como un documento de referencia enmarcado dentro dos obxectivos do desenvolvemento sostible da Axenda 20-30.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que a aprobación do Plan permitirá o acceso a un importante volume de subvención de fondos europeos, que establecen como requisito indispensable ter aprobado este documento.

Toma a palabra D. Luis Pena Mosquera. O portavoz do Grupo Municipal do BNG di que o voto do seu grupo vai ser a favor e pregunta se a aprobación deste plan leva consigo algún orzamento, se hai algún gasto ou se simplemente é un documento para acceder a subvencións.

A Sra. Vázquez Busto, di que o documento recolle unha serie de accións cun importe estimado para a súa execución, así como as fontes de financiamento onde poder acadalo. Indica que se recollen varias medidas, tales como medidas de acción ou concienciación, con importes de entre 5000 e 6000 euros, ata outras de moito maior importe e que se dependería das axudas para poder levalas a cabo.

D. Luis Pena Mosquera pregunta se o importe a incluír no orzamento municipal son eses 5000 ou 6000 euros.

O Sr. Fernández Piñeiro indica que non se fixa ningún importe con respecto ao orzamento municipal; que o plan fixa unhas accións a desenvolver a curto, medio ou longo prazo cun custo estimado desas accións e onde se pode conseguir financiamento para levalas a cabo. A partir da súa aprobación, o goberno empezará a traballar na consecución dos fondos ou na realización de determinadas actividades que se podan asumir con cargo aos fondos municipais. Di que se trata de accións a futuro non para facer nun mes.

O Sr. Pena Mosquera pregunta se hai algunha acción que xa se recolla nos orzamentos do ano 2022.

A Sra. Vázquez Busto di que as accións se reflexan para a Axenda 20-30, a desenvolver en 9-10 anos

D. Luis Pena Mosquera pregunta se está temporalizadas as accións dentro do plan.

O Sr. Alcalde-Presidente di que non, que serán os gobernos que haxa de aquí a 10 anos os que decidan que accións levar a cabo.

De seguido prodúcese un debate entre o portavoz do BNG e o Sr. Alcalde sobre a conveniencia de temporalizar as accións a realizar.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Sen mais intervencións, sométese a votación a proposta de acordo quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. –Aprobar o “PLAN DE ACCIÓN POLO CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABEL”

SEGUNDO.- Presentar o “PLAN DE ACCIÓN POLO CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABEL (PACES) DO CONCELLO DE PONTEDEUME”, na páxina web europea do Pacto, conforme ao artigo 19.2 da Orde 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras da segunda convocatoria para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2021, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento MT210A).

TERCEIRO.- Publicar o documento no taboleiro de anuncios municipal, así como na sede electrónica e páxina web do concello de Ponte deume, aos efectos de xeral coñecemento.

Abandona a sesión Dna. Rocío Souto Torre, sendo as 13h28min.

6 RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA DE ASUNTOS NON DITAMINADOS POLA COMISIÓN INFORMATIVA: CONTINUIDADE DO CONTRATO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA DO CONCELLO DE PONTEDEUME E MODIFICACIÓN DO PREZO DO CONTRATO.

A Presidencia propón incluír na orde do día o seguinte asunto:

- **CONTINUIDADE DO CONTRATO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA DO CONCELLO DE PONTEDEUME E MODIFICACIÓN DO PREZO DO CONTRATO.**

Sómétese a votación a ratificación da inclusión na orde do día do asunto non ditaminado pola Comisión Informativa, quedando **RATIFICADA a URXENCIA** e a **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA** por **UNANIMIDADE** das persoas membro presentes.

A secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

<<ASUNTO. Continuidade do contrato de servizo de axuda no fogar dependencia do concello de Ponte deume e modificación do prezo do contrato.

Expdte: 2016/C004/000004 e 2021/G006/000196

PROPOSTA DA ALCALDÍA



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

D. Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde do concello de Ponte deume, formula a seguinte PROPOSTA:

En relación có expediente 2016/C004/000004 “2ª LICITACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA DO CONCELLO DE PONTEDEUME”

Tendo en conta que con data do 23 de setembro de 2021 a empresa adjudicataria envía ao concello o “Desglose económico financeiro da explotación do Servizo de axuda no fogar no Concello de Ponte deume” (n.º de rexistro: 202199900001570).

Que neste documento o administrador solidario da entidade mercantil Servicios Sociais Virxe do Carne, S.L., expón:

- Que o 29 de maio de 2021 finalizaron os dous contratos administrativos para o Servizo de axuda no fogar de dependencia que a empresa tiña subscritos có Concello de Ponte deume, así como as súas respectivas prórrogas.

- Que resulta imprescindible acordar un novo prezo aos efectos de que a empresa poida continuar prestando o servizo ata o momento no que se realice unha nova licitación, tendo en conta as perdas económicas que está sufrindo cos prezos actuais.

- Que acompaña un estudo de viabilidade elaborado pola propia entidade mercantil onde se realiza unha análise detallada do custo do prezo/hora do servizo, chegando á conclusión de que dito custo sería de 15,81 €/hora (prezo unitario), sen que isto supoña ningún beneficio empresarial.

-Que nese estudo conclúen que, de continuar có prezo actual, produciríase un balance negativo para a empresa de -71.891,33 € no presente ano 2021.

*Vendo que en base a todo o manifestado, a empresa requírelle ao Concello de Ponte deume que estableza un novo prezo/hora do servizo de axuda no fogar de dependencia, cun mínimo de **15,81 €/hora (sen IVE), o que resultaría un valor hora de 16.44 euros co 4 % de IVE engadido.***

Vista a análise comparativa do custo económico e anexo do Servizo de axuda no fogar de dependencia realizada polo departamento de servizos sociais tendo como referencia o 1º contrato asinado o 29 de maio de 2017 entre o Concello de Ponte deume e a empresa Virxe do Carne, Servicios Sociais, S.L., da data 12/11/2021.

Visto o informe emitido polo departamento de servizos sociais de data 12/11/2021 no que se realiza a análise comparativa do custo económico do Servizo de axuda no fogar de dependencia tendo como referencia o 1º contrato asinado o 29 de maio de 2017 entre o Concello de Ponte deume e a empresa Virxe do Carne, Servicios Sociais S.L., desde o 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2021 e durante o ano 2022, no que se resume que:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1.- A previsión da diferenza resultante do custo do servizo de axuda no fogar de dependencia no período do 1 de setembro ao 31 de decembro de 2021 entre os prezos/hora estipulados no contrato entre o Concello de Ponte deume e a empresa Virxe do Carme e o prezo/hora proposto pola dita empresa tras o estudo económico que realizou é de: **30.206,66 €**.

2.- A previsión da diferenza resultante do custo do servizo de axuda no fogar de dependencia no ano 2022 entre os prezos/hora estipulados no contrato entre o Concello de Ponte deume e a empresa Virxe do Carme e o prezo/hora proposto pola dita empresa tras o estudo económico que realizou é de: **90.620 €**.(xaneiro-decembro)

Tendo en conta a existencia de crédito a medio de RC emitido pola Intervención municipal o día 15 de novembro de 2021, para o exercizo 2021 co Nº OPERACIÓN: 69/2021 – 220210010376

Visto o informe xurídico da Secretaría da corporación de data 17/11/2021
Logo de ver o informe da Intervención municipal núm. 361.2021 do día 22-11-2021

Considerando que o concello de Ponte deume como administración máis próxima á cidadanía ten a obriga de cumprir cos obxectivos do servizo de axuda no fogar prestando unha atención de calidade ás persoas en situación de dependencia, sen que poida interromperse o servizo en ningún caso á vista do obxecto deste contrato que afecta a usuarios dependentes con recoñecemento de grao nivel e que a suspensión implicaría un grave prexuízo para eles mesmos e as súas familias e cuidadores/as.

A empresa Virxe do Carme, Servicios Sociais, S.L. é a adxudicataria do Servizo de axuda no fogar de dependencia do Concello de Ponte deume desde o ano 2017. A día de hoxe continua prestando o servizo en condicións óptimas segundo se acredita nos informes do servizo e que dende a finalización do contrato en maio de 2019 continuou prestando o servizo nas mesmas condicións e baixo o mesmo prezo que no ano 2017.

Tendo en conta que por medio de acordo do Pleno celebrado o día 29/04/2021 acórdase entre outros:

PRIMEIRO.- Delegar no Servizo de contratación da Deputación provincial de A Coruña a tramitación da licitación do servizo de axuda no fogar do concello de Ponte deume, segundo as previsións que ao efecto determine o departamento responsable do servizo.

Acreditado que o prezo requirido por parte da empresa de 15,81 €/hora (sen IVE), o que resultaría un valor hora de 16.44 euros co 4 % de IVE engadido é inferior ao prezo hora que consta no estudo de costes elaborado pola entidade INTOCONSULTING en xaneiro de 2021 no que determinan que o prezo de cara a unha licitación do servizo de axuda no fogar do concello de Ponte deume é de 18,08 €/hora sen IVE.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Tendo en conta que se acredita pola súa parte que non obtén beneficio empresarial algún coa proposta remitida, senón que se trata de non asumir perdas na prestación do servizo que ante a subrogación das traballadoras e a necesidade de non interromper o servizo ten a ben manterse nesta situación fora do contrato que a vincula con este concello.

Visto canto antecede, e en virtude das competencias legalmente atribuídas **PROPOÑO:**

PRIMEIRO.- Manter a continuidade do servizo de axuda no fogar de dependencia do concello de Ponte deume coa entidade adxudicataria do contrato dende o 2017 "Servizos Sociais Virxe do Carme SL con CIF B-70028832 en tanto non se leve a cabo a formalización e inicio do novo contrato que se atopa en tramitación atendendo á delegación feita na Deputación provincial da Coruña por medio de acordo plenario celebrado o día 29/04/2021.

SEGUNDO.- Autorizar e dispoñer o gasto, con cargo á partida orzamentaria 2313 22799, que implica a modificación do prezo unitario do contrato en 15,81 €/hora (sen IVE), o que resultaría un valor hora de 16.44 euros co 4 % de IVE engadido, e que incrementa para o ano 2021 a cantidade adicional de 30.206,66 € IVE engadido e para 2022, a cantidade de 90.620 € (xaneiro-décembro), IVE engadido, con respecto aos prezos orixinais do contrato formalizado o 29 de maio de 2017; atendendo, en todo caso, ás horas efectivamente realizadas.

A entrada en vigor da modificación do prezo do contrato será a partir do día seguinte á notificación do presente acordo ao contratista, sen dar lugar a efectos retroactivos sobre o mesmo.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á empresa Virxe do Carme, Servizos Sociais, S.L. aos efectos oportunos, cos recursos que houbera lugar.

CUARTO.- Dar traslado aos departamentos responsables do contrato e aos servizos económicos aos efectos oportunos.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro>>

A Presidencia abre a quenda para o debate:

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro explica que o expediente para a contratación do servizo de axuda no fogar está delegado na Deputación da Coruña, e que aínda non se rematou coa licitación. Á vista do informe da empresa, ratificado polos técnicos municipais, a empresa está a perder cartos na prestación do servizo, e propoñen incrementar o custo do servizo para cubrir gastos, sen obter beneficio algún. Indica que xa se lle explicou á empresa que non pode ser con efectos retroactivos, e di que o importe por hora do servizo está por debaixo do que se propuxo para a nova licitación que fai a Deputación.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra D. Santiago José Rodríguez Piñeiro, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular, quen pide que se lle exixa á Deputación que axilice a licitación do servizo para non incorrer en máis ilegalidades.

Toma a palabra D. Luis Pena Mosquera. O portavoz do BNG di que é difícil de entender que un servizo tan fundamental com é a axuda no fogar, veña de urxencia ao Pleno; que agora parece que a culpa é da Deputación e que non se fai dende o Concello e porque non hai persoal nin tempo. Di que un contrato dun servizo tan vital, atópase nunha situación que cualifica como terrible, que os propios traballadores están gañando menos e un bo servizo non se pode facer sen estabilidade e que isto pasa en moitos máis contratos (piscinas, actividades deportivas...). e que ao final o Concello non fai porque non hai técnicos, que se traslada á Deputación e tampouco o fai...non sendo ao final culpa de ninguén. Fai referencia aos informes da Secretaria e da Intervención municipal e conclúe co anuncio do voto a favor do seu grupo, en tanto que considera que votar en contra sería poñer “aos pes dos cabalos” a quen non ten a culpa de toda esta situación burocrática, que son as persoas que reciben esa axuda á dependencia, pedindo ao goberno que se “poña as pilas” para resolver todos os contratos que se atopan fora de toda legalidade. Considera que no goberno local hai moitas persoas con dedicación e tempo de sobra para levar a cabo este traballo.

Toma a palabra a Dna. Raquel Caruncho Corral, concelleira de servizos sociais, quen intervén para aclarar que non hai constancia de que as traballadoras da empresa non estean a cobrar o debidamente estipulado. Di que tampouco se ten constancia de que os usuarios estean descontentos coa empresa ou coas auxiliares e que nunca unha queixa por parte dos usuarios da mala xestión ou mal funcionamento da empresa chegou ao Concello. Conclúe a súa intervención indicando que a empresa cubre as necesidades do seu persoal e por iso teñen a perda que teñen.

Toma a palabra o Sr. Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que parte do déficit que ten a empresa é consecuencia do incremento dos custos de persoal, ao modificarse o último convenio colectivo do sector e di que á empresa sálle máis caro o servizo agora que cando se lle adjudicou, xa que as condicións laborais do persoal, en base ao convenio, melloraron. Recorda que hai un acordo plenario no que se delegan as competencias na Deputación para a licitación do servizo e que a día de hoxe, o contrato está sen adjudicar. Dito isto, e tendo en conta que se o Sr. Pena Mosquera considera que os contratos non se sacan pola falla de interese do goberno, o Sr. Fernández Piñeiro di que fai unha oferta, públicamente, para que D. Luis Pena Mosquera pase a formar parte do goberno e que lle delegaría as funcións en materia de contratación, tendo así ano e medio, ata as próximas eleccións, para sacar todos os contratos que hai; e que se quere algún concelleiro, pode renunciar á dedicación exclusiva para darlla a el e dedicarse en exclusiva a esa tarefa. Cualifica como a proposta seria e sensata e pide que conste en acta. Extende o convite de formar parte do goberno á súa compañeira de partido. Conclúe a súa intervención facendo referencia aos salarios das persoas que integran o goberno local con respecto aos traballadores municipais e aos membros do goberno en mandatos anteriores, indicando que as persoas con dedicación exclusiva non se están enriquecendo, defendendo o traballo que realizan; reitera a oferta realizada ao concelleiro do



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BNG e fai referencia á falla de persoal posta de manifesto nos informes da secretaría e da intervención municipais, ao que non fai referencia o portavoz do BNG.

D. Luis Pena Mosquera di que agradece a oferta, que o consultará co seu grupo e que dará unha resposta no prazo dunha semana e semana e media; remítese aos feitos contrastables que dende hai seis anos non foran capaces de sacar, ningún contrato ou case ningún, poñendo como exemplo o contrato da piscina, cualificando como engano, os prazos dados pola alcaldía sobre esta contratación dende hai tempo. Di que a responsabilidade sobre a situación contratos non é da oposición.

O Sr. Fernández Piñeiro defende o traballo realizado polos membros do goberno e manifesta que a persoa máis interesada en que os contratos se saquen é el mesmo, en tanto que o acto de levantar reparos pode afectarlle ao seu patrimonio persoal, porque ten unha responsabilidade contable. Fai referencia á falla de persoal para a tramitación administrativa destes expedientes.

Sen mais intervencións, sométese a votación a proposta quedando adoptado por **UNANIMIDADE** das persoas membro presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Manter a continuidade do servizo de axuda no fogar de dependencia do concello de Ponte deume coa entidade adxudicataria do contrato dende o 2017 "Servizos Sociais Virxe do Carme SL con CIF B-70028832 en tanto non se leve a cabo a formalización e inicio do novo contrato que se atopa en tramitación atendendo á delegación feita na Deputación provincial da Coruña por medio de acordo plenario celebrado o día 29/04/2021.

SEGUNDO.- Autorizar e dispoñer o gasto, con cargo á partida orzamentaria 2313 22799, que implica a modificación do prezo unitario do contrato en 15,81 €/hora (sen IVE), o que resultaría un valor hora de 16.44 euros co 4 % de IVE engadido, e que incrementa para o ano 2021 a cantidade adicional de 30.206,66 € IVE engadido e para 2022, a cantidade de 90.620 € (xaneiro-décembro), IVE engadido, con respecto aos prezos orixinais do contrato formalizado o 29 de maio de 2017; atendendo, en todo caso, ás horas efectivamente realizadas.

A entrada en vigor da modificación do prezo do contrato será a partir do día seguinte á notificación do presente acordo ao contratista, sen dar lugar a efectos retroactivos sobre o mesmo.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á empresa Virxe do Carme, Servizos Sociais, S.L. aos efectos oportunos, cos recursos que houbera lugar.

CUARTO.- Dar traslado aos departamento responsable do contrato e aos servizos económicos aos efectos oportunos.

7 DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL 341/2021; REMISIÓN AO MINISTERIO DA INFORMACIÓN RELATIVA AO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO (PMP) E MOROSIDADE (TERCEIRO TRIMESTRE)



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

<<PROPOSTA DE DAR CONTA

EXPEDIENTE TEDEC: 2021/X998/000098 e 2021/G006/000205

DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL 341/2021; REMISIÓN AO MINISTERIO DA INFORMACIÓN RELATIVA AO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO (PMP) E MOROSIDADE (TERCEIRO TRIMESTRE 2021)

Logo de ver o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:

"3. Os tesoureiros ou, no seu defecto, interventores das corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluíra necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes en que se estea a incumprir o prazo.

4. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no pleno da corporación local, o dito informe deberase remitir, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das comunidades autónomas que, conforme os seus respectivos estatutos de autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.

5. A información así obtida poderá ser utilizada polas administracións receptoras para a elaboración dun informe periódico e de carácter público sobre o cumprimento dos prazos para o pagamento por parte das administracións públicas."

Logo de ver o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención municipal 341/2021, de comunicación de cumprimento da remisión de información ao Ministerio en relación coa morosidade e período medio de pagamento correspondentes ao terceiro trimestre de 2021

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume na data sinalada na marxe>>

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN**.

8 ASUNTOS DE URXENCIA

Non se presentaron asuntos de urxencia.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

9 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES

Non se presentaron asuntos de urxencia.

10 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA

A secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

<<DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25/11/2021

(Expediente TEdC: 2021/G006/000216)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **647.2021** de 21 de outubro ao **741.2021** de 22 de novembro de 2021, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2021/G003/000658	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "RENOVACIÓN DE COLECTOR DE PLUVIAIS EN VENTOSA" (Expediente: 2021/C002/000024)	000647/2021	21-10-2021 13:12
2021/G003/000705	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "REFORMA FOREMDES. POLICIA E PORTAL GARAXE ."	000648/2021	22-10-2021 10:09
2021/G003/000718	APROBACIÓN DO PROXECTO PARA A OBRA "MELLORA DA CAPA DE RODAXE DP CAMIÑO DE PAREDES (Boebre)"	000649/2021	22-10-2021 10:09
2021/G003/000720	APROBACIÓN DO PROXECTO "MELLORA DA CAPA DE RODAXE DE PISTAS EN BER (BOEBRE)"	000650/2021	22-10-2021 10:19
2021/G003/000724	APROBACIÓN DE CALENDARIO EDM DE INVERNO 2021/22	000651/2021	22-10-2021 13:11
2021/G003/000725	RESULTADO PREINSCICIÓN EDM DE INVERNO 2021/22	000652/2021	22-10-2021 14:15



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2021/G003/000728	Decreto aceptación solicitud compensación subvención nominativa 2018 e 2019, entidade Asociación de Veciños "Unidade Veciñal Olmo".	000653/2021	25-10-2021 11:41
2021/G003/000712	AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL	000654/2021	25-10-2021 11:40
2021/G003/000715	Decreto Aceptación solicitude compensación subvencións nominativas 2018 e 2019, entidade Asociación Río Eume.	000655/2021	25-10-2021 11:39
2021/G003/000716	Decreto Aceptación solicitude compensación subvencións nominativas 2018 e 2019, entidade Asociación Cultural Airiños do Eume.	000656/2021	25-10-2021 11:39
2021/G003/000731	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO 28/10/2021	000657/2021	25-10-2021 13:50
2021/G003/000685	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE INVERNO 2021-2022	000658/2021	25-10-2021 14:30
2021/G003/000491	ICOACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "PAVIMENTACIÓN RÚA GONZALO TORRENTE BALLESTER" (POS + ADICIONAL 2019)	000659/2021	25-10-2021 14:29
2021/G003/000730	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCPACIDADE	000660/2021	25-10-2021 14:34
2021/G003/000710	TESOURERIA - APROBACION PADRON AUGA SUMIDOIROS 3T2021	000661/2021	25-10-2021 14:36
2021/G003/000711	TESOURERIA - APROBACION PADRON AUGA SUMIDOIROS 3T2021	000662/2021	25-10-2021 14:36
2021/G003/000631	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE USO PRIVATIVO DOS POSTOS DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME (ADXUDICACIÓN DIRECTA) (Expediente: 2021/C006/000001)	000663/2021	26-10-2021 12:14



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2021/G003/000704	XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA A DE DOTACIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO . PROGRAMA A. ANO 2.021.	000664/2021	26-10-2021 14:02
2021/G003/000736	CAMBIO DE IMPUTACIÓN DE F/2021/2431	000665/2021	26-10-2021 14:02
2021/G003/000726	PERSOAL-SEGUROS SOCIAIS SETEMBRO DE 2021	000666/2021	27-10-2021 10:25
2021/G003/000735	APROBACIÓN E PAGAMENTO DA FACTURA F/2021/3028 DE MICE GALICIA, SL	000667/2021	27-10-2021 12:30
2021/G003/000717	PERSOAL-RECOÑECEMENTO CARREIRA PROFESIONAL JTM-EGR-BVV.	000668/2021	27-10-2021 13:20
2021/G003/000722	INCIDENCIAS NÓMINA MES OUTUBRO 2021.	000669/2021	27-10-2021 13:20
2021/G003/000733	PERSOAL-DOCUMENTACIÓN NÓMINA MES OUTUBRO 2021.	000670/2021	27-10-2021 13:20
2020/G003/000707	Decreto Resolución subvención nominativa 2019, entidade Comisión de Festas de Andrade.	000671/2021	27-10-2021 13:20
2021/G003/000738	APROBACIÓN PERSOAS PARTICIPANTES TALLERES CULTURAIIS MUNICIPAIIS 2021/2022	000672/2021	27-10-2021 13:20
2021/G003/000740	Expediente rectificación de erros materiais do Decreto nº 853/2019 de data 30/12/2019, de colaboración entre o Concello de Ponte deume e a entidade Asociación Folclórica e Cultural ORBALLO para o financiamento de actividades durante o ano 2019	000673/2021	27-10-2021 13:20
2020/G003/000688	Decreto pago subvención nominativa 2019, entidade Anpa Andrade.	000674/2021	27-10-2021 13:20
2021/G003/000699	APROBACIÓN NÓMINA DE ATRASOS SETEMBRO 2021 DE	000675/2021	27-10-2021 13:20
2020/G003/000703	Decreto Resolución subvención nominativa 2019, entidade Asociación Amas de Casa e Usuarios de Ponte deume	000676/2021	27-10-2021 13:20



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2021/G003/000742	Resolución subvencións nominativas anos 2018 e 2019, entidade Asociación de Veciños de Boebre.	000677/2021	28-10-2021 09:59
2021/G003/000667	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 23 DA OBRA - REFORMA INTERIOR E MELLORA ACCESIBILIDADE ESCOLA INFANTIL DE NOGUEIROSA-. POS+2018.	000678/2021	28-10-2021 09:59
2021/G003/000692	TESOURERIA: SOLICITA DAR DE BAIXA O VADO Nº 52 SITO NA RUA EMPEDRADO	000679/2021	28-10-2021 12:13
2021/G003/000690	XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA PERSOAL DE OFICINAS DE TURISMO PARA OS MESES DE VERÁN. ANO 2.021.	000680/2021	28-10-2021 12:13
2021/G003/000721	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO PARA A REDACCIÓN DE PLAN DE EMERXENCIA ANTE SITUACIÓN DE SECA (Axudas aos concellos, en réxime de concorrência competitiva, destinadas a redacción de plans de emerxencia ante situacións de seca. AUGAS DE GALICIA. Codigo Procedemento AU100A)	000681/2021	29-10-2021 14:30
2021/G003/000748	Convocatoria selección personal, persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación.	000682/2021	29-10-2021 13:40
2021/G003/000745	ADXUDICACIÓN CONTRATO SERVIZO DE MONITORADO TALLERES CULTURALS CURSO 2021/2022 (Expediente.: 2021/C002/000034)	000683/2021	29-10-2021 13:40
2020/G003/000690	Decreto Resolución subvención nominativa 2019, entidade Anpa Couceiro Freijomil.	000684/2021	29-10-2021 11:44
2021/G003/000687	TESOURERIA: Solicitud General a nombre de ANA CRESPO CONDE. Solicita: Solicitamos la devolución de dicho importe.	000685/2021	29-10-2021 11:44



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2021/G003/000727	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A REDACCIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍAS SUSTENTÁBEL (PACES) DO CONCELLO DE PONTEDEUME (Axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2021, tramitada como anticipado de gasto . (Nº EXPTE. : PACES-58/21)	000686/2021	02-11-2021 09:33
2021/G003/000752	RELACIÓN DE FACTURAS RECOÑECIMENTO DE PLENO MUNICIPAL DO 28/10/2021	000687/2021	02-11-2021 15:31
2021/G003/000750	Resolución Subvencións nominativas anos 2018 e 2019, entidade Asociación Cultural Os Fenómenos do Eume.	000688/2021	02-11-2021 15:31
2021/G003/000700	EXPEDIENTE DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO AI99500000023942	000689/2021	02-11-2021 15:30
2021/G003/000743	EXPEDIENTE DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO AI99500000024034	000690/2021	03-11-2021 10:25
2021/G003/000415	SOLICITA O ENVIO DUN TECNICO A VALORAR O ESTADO DUNHA CASA NO LUGAR DO PARQUE O MUIÑO EN VIZUS	000691/2021	03-11-2021 10:25
2021/G003/000364	CADUCIDADE E ORDEN EXECUCIÓN R/ EMPEDRADO 38	000692/2021	03-11-2021 10:25
2021/G003/000356	CADUCIDADE DE EXPEDIENTE NÚM. 2017/U004/000084 E NOVA INCOACIÓN DE ORDE DE EXECUCIÓN DE INMOBLE PRAZA DAS ANGUSTIAS, Nº 3	000693/2021	03-11-2021 10:25
2021/G003/000304	CADUCIDADE DE EXPEDIENTE E NOVA INCOACIÓN DE ORDE DE EXECUCIÓN EN O BARRO, NÚM. 42	000694/2021	03-11-2021 10:25
2021/G003/000370	CADUCIDADE DE EXPEDIENTE E NOVA INCOACIÓN DE ORDE DE EXECUCIÓN DE INMOBLE AIÓN	000695/2021	03-11-2021 10:25



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2021/G003/000391	ORDE DE EXECUCIÓN DE INMOBLE EN RÚA PORTO, NÚM. 14	000696/2021	03-11-2021 10:25
2021/G003/000627	Orden de Ejecución	000697/2021	03-11-2021 10:25
2021/G003/000625	CADUCIDADE DE EXPEDIENTE E NOVA INCOACIÓN DE ORDE DE EXECUCIÓN DE INMOBLE EN RÚA EMPEDRADO, 56, 58	000698/2021	03-11-2021 10:25
2021/G003/000489	INCOACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "ACONDICIONAMENTO DE PRAZA NO CAMIÑO INGLÉS" (CONVENIO DEPUTACIÓN 41/2020)	000699/2021	03-11-2021 10:25
2021/G003/000755	PLAN SEGURIDADE, XESTIÓN DE RESIDUOS, SUBMINISTRADORES E SUBCONTRATAS E PROGRAMA DE TRABAJO PARA OBRA DA OBRA "PAVIMENTACIÓN Y RENOVACIÓN DE SERVICIOS RÚA MANCEBO" (Expediente: 2021/C002/000013)	000700/2021	03-11-2021 11:11
2021/G003/000756	Sesión ordinaria de Xunta De Goberno Local do día 4-11-2021	000701/2021	03-11-2021 11:29
2021/G003/000759	SOLICITUDE DE TARXETA ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000702/2021	04-11-2021 13:46
2021/G003/000732	APROBACIÓN DO PROXECTO DA OBRA SUPRESION DE SOTERRAMIENTO DE CONTENEDORES en PLAZA DE SAN ROQUE, PONTEDEUME (A CORUÑA)	000703/2021	08-11-2021 15:02
2021/G003/000768	NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCIDENTAL,... //.. O DÍA 09.11.2021.	000704/2021	09-11-2021 14:15
2021/G003/000761	EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE INICIO DE PROCEDIMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO DO ARTIGO 11 LSV (9BIS 9950000024090)	000705/2021	09-11-2021 14:14
2021/G003/000719	Aprobación dos padróns do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia e dependencia, mes de setembro 2021	000706/2021	09-11-2021 14:14



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2021/G003/000751	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/20	000707/2021	09-11-2021 14:01
2020/G003/000686	Decreto pago subvención nominativa do ano 2019, concedida polo Concello de Ponte deume a entidade Asociación de Veciños de Nogueirosa.	000708/2021	09-11-2021 14:00
2021/G003/000760	PROCEDIMENTO ABREVIADO 76/2021 ...//... CONTRA CONCELLO DE PONTEDEUME RECLAMACION PATRIMONIAL	000709/2021	09-11-2021 14:00
2021/G003/000766	Aprobación solicitudes de altas e baixas nos Talleres Culturais Municipais 2021/2022	000710/2021	09-11-2021 13:59
2021/G003/000767	Decreto nomeamento do xurado do XXIV Premio de Investigación Concello de Ponte deume. 2021.	000711/2021	09-11-2021 13:59
2021/G003/000765	SOLICITA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000712/2021	09-11-2021 13:59
2021/G003/000747	TESOURERIA: EXPEDIENTE DE BAIXA NO PADRON DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO E ANULACION RECIBOS	000713/2021	09-11-2021 14:05
2021/G003/000758	Aprobación novo participante no servizo de conciliación municipal "Madrugadoras/Madrugadores" 2020/2021 no CEIP Couceiro Freijomil	000714/2021	09-11-2021 14:35
2021/G003/000777	SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE DÍA 11-11-2021	000715/2021	09-11-2021 14:37
2021/G003/000778	Decreto aceptación solicitude compensación subvencións nominativas 2018 e 2019, entidade Asociación de Veciños de Boebre.	000716/2021	10-11-2021 09:40
2020/G003/000504	Decreto Resolución subvención nominativa 2018, entidade Comisión de Festas de Boebre.	000717/2021	10-11-2021 19:50
2021/G003/000764	APROBACIÓN CERTIFICACIÓNS Nº 1 Á Nº 6, FINAL E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA: PAVIMENTACIÓN ACCESO O BARREIRO.	000718/2021	10-11-2021 14:16



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2021/G003/000757	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN N° 1, 2 E 3 DA OBRA - REFORMA DA ESCOLA UNITARIA DE CAMPOLONGO-, POS+2019 - ADICIONAL.	000719/2021	10-11-2021 14:16
2021/G003/000723	XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES NA BIBLIOTECA MUNICIPAL. PROGRAMA LER CONTA MOITO 2021	000720/2021	11-11-2021 12:13
2021/G003/000774	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN N°1 Á N°6, FINAL E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA -PAVIMENTACIÓN CAMIÑO VELLO-, POS+/2018 ADICIONAL.	000721/2021	12-11-2021 11:21
2021/G003/000744	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "MELLORA DA CAPA DE RODAXE DE PISTAS EN BER (BOEBRE)"	000722/2021	13-11-2021 11:11
2021/G003/000779	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/21	000723/2021	13-11-2021 11:11
2021/G003/000772	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCTAL. ...//...	000724/2021	13-11-2021 11:11
2021/G003/000746	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "MELLORA DA CAPA DE RODAXE DP CAMIÑO DE PAREDES (Boebre)"	000725/2021	13-11-2021 11:11
2021/G003/000791	Sesión ordinaria da XGL do día 18-11-2021	000726/2021	16-11-2021 11:11
2021/G003/000788	Aprobación listado tercero de personas participantes nos talleres culturais curso 2021/2022	000727/2021	16-11-2021 11:11
2021/G003/000781	SEGUROS SOCIAIS OUTUBRO 2021.	000728/2021	16-11-2021 15:08
2021/G003/000789	MODELO 111 IRPF, MES DE OUTUBRO DE 2021	000729/2021	16-11-2021 15:08
2021/G003/000792	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 23, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 6.-	000730/2021	16-11-2021 15:08
2021/G003/000794	Recurso de reposición de//..... ás axudas de material escolar 2021-2022	000731/2021	16-11-2021 15:52



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2021/G003/000783	EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE INICIO DE PROCEDIMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO DR 99500000024187	000732/2021	16-11-2021 15:52
2021/G003/000782	EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE INICIO DE PROCEDIMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO AI 99500000024224	000733/2021	16-11-2021 15:52
2021/G003/000780	EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE INICIO DE PROCEDIMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO AI 99500000024149	000734/2021	16-11-2021 15:52
2021/G003/000770	EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE INICIO DE PROCEDIMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO AI 99500000024091	000735/2021	16-11-2021 15:52
2021/G003/000800	Convocatoria da sesión ordinaria da CIAEF do día 22-11-2021	000736/2021	17-11-2021 13:45
2021/G003/000799	Convocatoria sesión ordinaria da CIAXP do día 22-11-2021	000737/2021	17-11-2021 13:45
2021/G003/000749	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO: CONTROL DE CALIDADE VARIAS ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE PONTEDEUME	000738/2021	17-11-2021 13:54
2021/G003/000787	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE UN AXENTE DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARA O ANO 2021-2.022.	000739/2021	18-11-2021 15:02
2021/G003/000813	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL DE DNA.//....O DÍA 22.11.2021.	000740/2021	22-11-2021 12:05
2021/G003/000684	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN N°1 E N°2 DA OBRA -MELLORA DA PISTA EN OS CASTROS (ANDRADE)-. PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2021/2022, AGADER.	000741/2021	22-11-2021 13:00

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde- Presidente, D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Ponte deume, na data sinalada na marxe>>



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN.**

11 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS

O Grupo Municipal do Partido Popular (PP) na corporación municipal, presenta para o Pleno de novembro os seguintes **ROGOS:**

RUEGOS:

- 1.- *Rogamos pongan mas alumbrado el la calle Torrente Ballester con la salida de av. Del Dr. Villanueva dirección Centroña*
- 2.- *Rogamos mas presencia de los municipales a pie por el casco histórico*
- 3.- *Rogamos repongan las papeleras de nuevo acceso al campo de futbol de la gándara*
- 4.- *Rogamos se controle al barrendero que limpia por Ricardo Sánchez, en el edificio detrás del Chalet Rosa, en lo que es el túnel.*

O Grupo Municipal do Partido Popular (PP) na corporación municipal, presenta para o Pleno de novembro as seguintes **PREGUNTAS:**

* ACCESO GUARDERIA

- 1.- ¿Cuándo se van a reparar las losas de la calle de acceso a la guardería y retirar las vallas de obra?

Resposta do goberno: Tendo en conta cos danos na rúa foron como consecuencia das obras, recentemente remitiuse ao ente do Consorcio de Igualdade e Benestar Social, dependente da Xunta de Galicia, un informe de actuacións pendentes de subsanación por parte da empresa adjudicataria resultante da licitación realizada por parte do dito ente. Entre esas actuacións atópanse as lousas da rúa de acceso e a retirada do valado.

*APARCAMIENTO AV. SAAVEDRA MENESES Y RUA RIO EUME

- 2.- Actualmente la empresa que esta a realizar la obra del saneamiento en el muelle esta ocupando los aparcamientos de la Av. De Saavedra Meneses y al lado de la piscina.

¿Cuándo tienen pensado habilitar el de Av. de Saavedra Meneses y retirar el escombros de al lado de la piscina?

En nuestra opinión la obra está lo suficientemente avanzada para no ocupar ambos aparcamientos.

Resposta do goberno: Xa se lle trasladou á empresa a necesidade de retirar ese material para habilitar de novo ese aparcamento. Sobre ese tema, informámoslles que hai un proxecto aprobado e financiado conxuntamente entre a Deputación e o Concello para a mellora e



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

remodelación do espazo e da zona peonil que discorre paralela ao mar, actualmente atópase en proceso de licitación

*FEIRON

3.- ¿Por qué no se quedan los puestos del feirón por las tardes?

Resposta do goberno: Tal e como ven establecido na ordenanza reguladora da venda ambulante ou non sedentaria do Concello de Ponte deume, no seu artigo 16.2 referente ás obrigas das persoas autorizadas, a aqueles que lle fose autorizado o turno de mañá deberán abandonar o posto entre as 14 e as 15 horas, preferindo no momento actual a opción de mañá por case todos eles.

*CELEBRACION SAMAIN

4.- ¿Cuál fue el coste de la decoración y a quien se le contrató?

Resposta do goberno: O custo total fue de 1652,89€ máis IVA. Santacompañía Producciones.

*VEHICULOS MUNICIPALES

5.- ¿Tienen autorización los concejales para poder conducir los vehículos municipales?

Resposta do goberno: As competencias de Alcaldía están delegadas nas concelleiras e concelleiros, tendo a postestade de cada área. Dependendo dos servizos respectivos que teña que cumprir, o uso do coche por parte das empregadas e empregados municipais, entre os que se atopan as concelleiras e concelleiros, non esquezamos que son empregados do Concello, coa respectiva autorización de Alcaldía.

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na corporación municipal, non presentou nin rogos nin preguntas para o pleno de novembro.

Tendo en conta o compromiso de incorporar na acta da seguinte sesión as respostas ás preguntas da sesión celebrada o día 28/10/2021, transcríbense a continuación as respostas ás preguntas presentadas para a sesión ordinaria do mes de outubro.

As respostas entregadas aos concelleiros do Partido Popular, remitidas polo voceiro do grupo de goberno son:

1. Esta pregunta, trasladade hoxe polo seu grupo político é, cando menos, curiosa, xa que no pasado pleno municipal, ante a moción presentada polo grupo Socialista reclamando unha mellora na prestación do servizo de transporte interurbano, vostedes aseguraron que dito servizo está a funcionar correctamente en parte grazas ao uso da tarxeta Xente Nova e incluso puxeron exemplos da súa propia familia para xustificar o óptimo servizo .



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

En canto á competencia que ten este concello en materia educativa, lembramos, unha vez máis, que os municipios só temos competencia na conservación e mantemento dos centros educativos de Infantil e Primaria así como a vixilancia dos centros e do Absentismo escolar, pero non xestionamos o servizo de transporte que depende unicamente da Xunta de Galicia.

Aínda así, interesámonos por este tema e preguntamos tanto á UDC coma ao Departamento de Xefatura Territorial de Mobilidade, onde nos transmiten que eles non dispoñen dos datos de alumnado de Ponte deume Usuario deste transporte e que, de ter algunha queixa a presenten por escrito ben a esa delegación de Mobilidade ou ao propio Concello onde llas remitiremos á Delegación da Coruña.

2. Actualmente estase a tramitar o expediente de cesión dos terreos por parte dos servizos técnicos municipais cos propietarios das fincas afectadas.

Segundo se nos traslada por parte do departamento técnico, estes trámites estarán rematados nos vindeiros días.

3. Non é certo que as escolas unitarias das parroquias foran cedidas ás respectivas asociacións de veciños.

Como xa se lle trasladou á veciñanza de Boebre , non habería ningún problema en que a Asociación de Veciños desta parroquia empregase este local para algunha actividade, sempre atendo á dispoñibilidade horaria que poida existir en cada momento por parte doutros usuarios da mesma.

4. Segundo nos trasladan dende a Deputación Provincial, actualmente este proceso atópase en fase de tramitación.
5. As cinco farolas fundidas das que nos falan, xa foron reparadas días atrás, unha vez que recibimos o permiso do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana.
6. Tal e como ven establecido na cláusula oitava do Convenio asinado entre o Concello de Ponte deume e a comisión de Festas das Peras, unha vez realizada a actividade subvencionada, o beneficiario deberá presentar a conta xustificativa como máximo o 30/11/2021 non constando a día de hoxe a presentación da mesma.

As respostas entregadas ao concelleiro e a concelleira do Bloque Nacionalista Galego, remitidas polo voceiro do grupo de goberno son:

1. Este Goberno tomará a determinación correspondente a este tema atendendo as medidas que tomen as diferentes administración superiores.

Se ben é certo que se está a atender á cidadanía independentemente de ter ou non cita previa dende hai xa tempo, temos que lembrar que o estado de emerxencia sanitaria en Galicia aínda foi levantado o pasado día 21 deste mes e estanse dando os



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

correspondentes pasos cara a eliminación de restricións sen perder nunca a perspectiva da cautela que esta pandemia implica.

2. En xaneiro de 2020 trasladóusenos por parte do equipo redactor a necesidade de elaborar un plan económico de viabilidade da instalación, así como unha auditoría técnica e construtiva da mesma. Eses traballos iniciáronse no mes de febreiro, quedando paralizados temporalmente a causa do estado de alarma e a suspensión dos trámites administrativos. Unha vez reiniciado o proceso retomouse a auditoría que foi realizada polos mesmos técnicos e arquitectos que elaboraron o proxecto da piscina municipal nos anos 90 por seren estes os que mellor coñecían a instalación.

O resultado desa auditoría foi remitida ao Concello no mes de febreiro de 2021 e a cuantificación das eivas e necesidades da mesma foron entregadas a mediados deste verán. Unha vez rexistradas se lles remitiu ao equipo redactor de cara a incorporar parte deses datos no estudo económico de viabilidade. Nos vindeiros días realizarase unha visita por parte dos técnicos para rematar ditos pregos. A saída a a concurso desta licitación será o máis axiña posible, dentro da dispoñibilidade dos nosos técnicos, tendo en conta que para nos é tamén un trámite prioritario para dar unha solución definitiva á situación actual.

3. Segundo nos trasladan dende a Deputación Provincial, actualmente se está realizando o expediente de expropiación, polo tanto aínda non nos consta unha data de inicio das obras. Data que se nos trasladará dende este organismo unha vez rematados todos os actuais trámites que se están a realizar.
4. Na actualidade estamos a levar a cabo unha serie de negociacións con varios propietarios de cara á adquisición dos terreos que reúnan as condicións urbanísticas axeitadas para acoller tan necesaria e demandada infraestrutura e espazo dentro do noso municipio.
5. A renovación da páxina web comezouse a realizar con data anterior á que indica. Debido a carga de traballo existente a recompilación da información que amosará tivo que pospoñerse varias veces. Confiamos que a súa publicación realizase en breve.
6. O número de nenas e nenos que realizaron a actividade no derradeiro ano que se impartiu esta actividade (2019), foron 20. Este ano temos 13 nenas e nenos anotados para a súa realización.
7. O Concello de Ponte deume non "vai gastar parte do seu orzamento" no mantemento da estación pertencente a ADIF, senón que vai empregar unha parte do seu orzamento no arranxo e habilitación de ditas instalacións cedidas en uso ao Concello de Ponte deume por parte desta entidade. Este Concello vai ingresar o prezo establecido e regulado por lei para a concesión do uso das instalacións de ADIF, tal e como fixeron outros Concellos con estas infraestruturas en desuso. Non existe custe de compra xa que non se trata de unha compra se non dunha cesión de uso e ata que non dispoñamos dun presuposto elaborado non poderemos aportar os datos do custe deste mantemento.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Este equipo de goberno quere lembrar que ven sempre apoiando as distintas reivindicacións que ao respecto da implantación do uso do transporte ferroviario demanda a sociedade, así como do uso de calquera outro transporte público.

REMATE DA SESIÓN

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e seis minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria accidental, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno do Concello celebrado o día 27.01.2022, segundo o borrador asinado o día 24.01.2022. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

